

XUÑO, 2015

C.E.I.P. O
PIÑEIRIÑO

PROXECTO E-DIXGAL



PROXECTO E-DIXGAL

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO NO CENTRO.
2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.
3. OBXECTIVOS.
 - 3.1. En relación ao profesorado do centro.
 - 3.2. En relación ao alumnado.
 - 3.3. En relación ás familias.
4. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO.
 - 4.1. Traballo na aula de informática.
 - 4.2. Traballo nas aulas.
 - 4.3. Biblioteca.
 - 4.4. Web dinámica.
 - 4.5. Proxecto Abalar.
 - 4.6. Outros libros dixitais.
5. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE.
6. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE E OUTRAS RELACIONADAS COAS TIC REALIZADAS NO CENTRO.
7. TIPO DE CONEXIÓN Á REDE.
8. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INTERNA NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO NO CENTRO.

O CEIP O Piñeiriño é un centro de Educación Infantil e Primaria que se atopa no concello de Vilagarcía de Arousa, no barrio do mesmo nome e que acolle nenos e nenas tanto da zona urbana como da suburbana.

No presente curso 2014/2015, o centro ten unha matrícula de mais de trescentos alumnos/as distribuídos en dezaioito unidades.

O centro ten xornada única, conta co servizo de transporte escolar e oferta actividades extraescolares polas tardes (de 16:30 a 18:30), que están organizadas pola asociación de nais e pais "O Piñeiro". Así mesmo, tódalas tardes está aberta a biblioteca, cun mestre de garda.

Durante este curso, estamos acollidos aos seguintes plans:

- **Contrato-programa:** reforzo, orientación e apoio para os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º.
- **Plan de mellora de bibliotecas escolares.**
- **Proxecto Abalar,** dende o curso 2012/2013.

Ademáis destes plans, chamémoslle oficiais, funcionan outros proxectos dende hai anos e que se recollen na PXA: programa de actuacións medioambientais, de coidado do colexio, obradoiros de lectura, intercambios deportivos, actividades de aprendizaxe por servizos, ...

O equipo docente do centro está formado por:

- Oito mestras de Educación Infantil.
- Doce mestres e mestras titores de Educación Primaria.
- Dúas mestras de inglés.
- Dous mestres de Educación Física.
- Unha mestra de Educación musical.
- Dúas mestras de relixión, unha delas non ten o seu centro base con nós.
- Unha mestra de Pedagogía Terapéutica.
- Un mestres de AL.
- Un orientador.
- Durante o actual curso 2014/2015, un mestre de apoio.
- Unha mestra para impartir os contratos-programa.

Dende o centro, sempre se buscou a innovación e a participación en todos aqueles proxectos e actividades que poidan redundar nun beneficio para o noso alumnado. Co tempo algúns van mudando e axustándose a novas necesidades ou en función das avaliacións que realizamos en claustro cada trimestre.

Ao longo destes anos o centro está ou estivo inmerso en diversos plans e proxectos:

- **Actividades medioambientais:** Dende a participación en Voz Natura (ata o curso 2012/2013) ata actividades internas que tratan de que os nenos e nenas interioricen o valor da natureza, coidando o colexio, coidando os animais que temos e tratando de que plantas e animais formen parte do cotiá.

- **Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares:** dende a primeira convocatoria o centro está acollido a este plan, o que permitiu a informatización dos fondos bibliográficos (MEIGA), dotarnos de maiores fondos, colocar dous postos informáticos para o alumnado e dous para os bibliotecarios, así como un proxector e unha pantalla de proxección.

- **Plan Valora 2007–2009:** Estivemos acollidos ao Plan Valora Igualdade. Unha vez rematado oficialmente, o centro continúa traballando neste eido con diferentes actividades.

- **PROA:** Durante cinco cursos, e agora cos **Contratos–programa**, o centro sempre apostou por poder ofertar ao alumnado e as súas familias aquelas axudas posibles e orientadas á mellora do rendemento escolar.

- **Intercambios deportivos:** con varios centros educativos de Educación Primaria de Vilagarcía. Levamos máis de doce anos realizando unha actividade de convivencia e deporte baseada na máxima de "Todos xogamos con todos" con periodicidade quincenal. A filosofía dos intercambios é o disfrute e a non competición entre os centros, por eso os equipos están formados por nenos e nenas de tódolos colexios. Participan os rapaces e rapazas de 2º e 3º ciclo de primaria. No ano 2003 esta iniciativa mereceu un recoñecemento público da Asociación Galega de Deporte para Todos (AGDPT) recibindo en Ferrol o *Premio á Promoción dos Valores do Deporte para Todos*.

- **Proxecto TIC:** Ao longo do curso 2009/2010 estivemos implicados no Proxecto TIC, no que traballou o 80 % do profesorado. Froito dese traballo foron os materiais dos que se nutre o curso da Aula Virtual “Creamos contidos dixitais” (<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippineirino/aulavirtual/course/view.php?id=21>), así como a modernización e aumento do material informático co que conta o centro.

- **Proxecto Abalar:** No curso 2012/2013 entramos no proxecto abalar. Temos catro aulas coa dotación correspondente. O avance na competencia dixital tanto do alumnado como do profesorado gracias a este proxecto é patente, polo que a motivación para entrar neste novo reto do edixgal é moi alta.

- **Webs dinámicas:** Ao longo do actual curso 2014/2015, gracias a un seminario que realizamos dentro do PFPP, púxose en funcionamento a Aula Virtual do cole, no que participamos un 40% do profesorado. Creáronse varios cursos tanto públicos como pechados, que están a ser utilizados polo alumnado tanto no centro (nas aulas ordinarias ou na aula de informática) como dende a casa. Está a ser un recurso moi motivador e útil para as aprendizaxes.

O noso próximo obxectivo é dotar de contidos útiles a páxina web do centro para facilitar a información relevante a toda a comunidade educativa.

- **PFPP:** Entramos neste programa no curso actual, planificando dúas actividades. Por unha banda, un seminario de Aula Virtual e por outra un curso de Educación emocional e resolución pacífica de conflitos, programa no que participou máis da metade do profesorado. A repercusión e implementación nas aulas deste traballo contaxiou ao resto do profesorado, implicándose nalgunhas das actividades propostas.

Ademáis destes proxectos digamos institucionais, o centro tenta traballar nunha liña unitaria, cun fío conductor que una a tódolos cursos en actividades comúns, seguindo os principios da educación emocional e da aprendizaxe por servizos. Para este fin común, os equipos de biblioteca, dinamización lingüística e actividades extraescolares e complementarias, programan encontros, intercambios culturais, obradoiros, apadriñamentos, celebracións, conmemoracións, etc...

2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE DO PROXECTO EDUCACIÓN DIXITAL.

Xa hai dez anos, Bates (1) escribiu e resumiu as razón polas que se xustificaban a integración das TIC no ensino:

- **Por imperativo tecnolóxico:** estamos rodeados de ordenadores, móbiles, tablets, ebooks, consolas,... a escola non podes abstraerse desa realidade.

- **Para responder ás esixencias da sociedade:** a alfabetización tecnolóxica resulta imprescindible tanto para a vida cotiá como para a vida laboral.

- **Para ampliar o acceso á educación e á formación:** Neste novo contexto social é preciso aprender a aprender e aprender ao longo de toda a vida. Isto sería bastante complicado dende os formatos tradicionais de ensino, pero as TIC representan a resposta, xa que permiten a adaptación as diferentes situacións, sen limitacións espacio-temporais.

- **Para mellorar a relación entre costes e eficacia no ensino:** a relación costes-beneficios non será inmediata, xa que se require inversión, pero a longo prazo permite unha mellor adaptación ás diferentes características do alumnado e unha reorganización do tempo do profesorado, aspectos que redundarán na mellora da calidade do ensino-aprendizaxe.

- **Para favorecer a calidade da aprendizaxe:** relacionado co apartado anterior, a introducción da TIC fai necesaria unha revisión profunda de tódolos compoñentes do proceso ensino-aprendizaxe para aproveitalas ao máximo. Ao mesmo tempo, requiren pór en funcionamento procesos cognitivos complexos: búsqueda, análise, síntese, interpretación, toma de decisións,... Isto non pode máis que favorecer a calidade da aprendizaxe.

Ademáis desta perspectiva xeral de xustificación, a Ley Orgánica da Educación (LOE, 2006) trouxo á nosa práctica educativa o concepto de “competencia básica”, que na Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) se modifican, e se convirten en competencias clave.

As competencias clave fan referencia á capacidade para resolver problemas ou situacións que a vida nos presenta nun contexto determinado. A vida, a sociedade, as situacións, cambian a unha velocidade pasmosa e nese cambio están presentes as TIC. Non queda outra que introducilas na vida escolar.

“As competencias básicas concretan o cambio que temos que facer na forma de dar clases, porque, actualmente o coñecemento está distribuído na rede e aprender esixe saber atopalo, relacionar, pensar e construír algo novo” (2)

Nós, como centro, non imos descubrir nin engadir nada novo a todas estas razóns. A entrada na **Proxecto Abalar** (2012/2013) nos permite aproveitar moito mellor os recursos que hoxe oferta a rede e incluso os que nos mesmo xeramos.

As experiencias coas que conta o centro en traballo por proxectos (houbo un grupo de traballo sobre este tema), a atención á diversidade necesaria, cando cada curso chegan alumnos estranxeiros ou alumnado con necesidade específica de apoio escolar, a experiencia en xeración

de contidos (LIM, xogamos?, blog), o Proxecto Abalar durante os tres últimos cursos ... son aspectos nos que as TIC nos levan axudado moito a mellorar non só na competencia dixital, senón na implementación de modelos pedagóxicos innovadores e motivadores para o alumnado.

A entrada no proxecto de **Edixgal** significaría un paso adiante na liña metodolóxica pola que aposta o profesorado implicado e gran parte do claustro.

Para o profesorado:

- Exercer a capacidade de organización e selección de contidos en función das características reais do grupo e do nivel.
- Presentar distintas fontes de información, en diferentes formatos, actualizadas e actuais, sen a escravitude do libro de texto en papel e que respondan aos diferentes estilos de aprendizaxe.

Para o alumnado:

- Incrementar a súa motivación, que xa está demostrada no Proxecto Abalar.
- Traballar con diferentes fontes de información que respondan aos seus estilos persoais de aprendizaxe.
- Favorecer e aumentar a súa competencia dixital e, a partires de aí, o resto das competencias clave.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma.

3. OBXECTIVOS:

3.1. En relación ao profesorado do centro:

- Avanzar e mellorar no coñecemento do equipamento das aulas Abalar.
- Participar nas actividades de formación no EVA.
- Fomentar a autoformación e a formación entre iguais como metodoloxía de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias de investigación utilizando a rede (WebQuests, MiniQuests).
- Facer uso das funcionalidades e recursos dispoñibles no portal Espazo Abalar e no EVA.
- Analizar e reflexionar sobre os cambios metodolóxicos que o emprego das TIC e o proxecto edixgal provoca no traballo nas aulas, procurando a implementación e valoración de novas estratexias de ensino-aprendizaxe: Traballo por proxectos, traballo cooperativo, agrupamentos flexibles,...

- Analizar e desenvolver boas prácticas educativas no emprego das TIC: coñecer a valorar as experiencias doutros centros Abalar e con edixgal.

- Favorecer o acceso ás TIC como instrumentos de formación, información, comunicación e creación de todo o alumnado.

3.2. En relación ao alumnado:

- Desenvolver a Competencia para o tratamento da información e a Competencia dixital mediante a integración efectiva das TICs.

- Tomar conciencia da complexidade da rede e espertar a capacidade crítica diante dos contidos que ofrece, sendo quen de poñer en relación e contrastar diversas fontes, chegando á información fiable e relevante. Aprender a buscar a información.

- Utilizar con soltura actividades interactivas que reforcen e amplíen as aprendizaxes adquiridas nas diferentes áreas.

- Colaborar cos compañeiros e compañeiras na realización de actividades en grupo, desenvolvendo dinámicas de cooperación e respectando a diversidade nas formas de aprender e pensar.

- Coñecer as posibilidades de uso das redes sociais (personais, profesionais, colaborativas,...) e estar atentos aos riscos que se poden presentar (abuso, adicción, cyberbullying,...).

- Aprender o manexo básico do sistema operativo e os programas de software libre (proxecto Abalar).

- Aprender o manexo básico do EVA.

- Manexar con fluidez os contidos do repositorio Abalar.

3.3. En relación ás familias:

- Establecer canles de comunicación coas familias para dar a coñecer o proxecto e responder a todas as dúbidas que poidan xurdir.

- Comunicar con claridade os protocolos de uso dos materiais.

4. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO.

4.1. Traballo na aula de informática:

Cada aula do colexio (agás 5º e 6º) ten unha hora ao longo da semana para utilizar a aula de informática. Cada titor utiliza esta hora para diversas actividades:

- Búsqueda de información para completar traballos, proxectos ou temas das diferentes áreas curriculares.
- Traballar co alumnado nos cursos da aula virtual: Actividades interactivas (LIM, jclic, CDs educativos,...) de reforzo e ampliación relacionadas coas áreas curriculares, das que se atopan na rede ou das realizadas polo profesorado.
- Aprendizaxe do uso e manexo básico do ordenador: crear e gardar carpetas, uso do procesador de textos, do teclado,...
- O alumnado de Educación Infantil utiliza, para a maioría das súas actividades, o encerado dixital interactivo.
- Durante os recreos a aula de informática funciona tamén como un ciber baixo a supervisión dun mestre encargado.
- Nas horas non adxudicadas a ningún curso, o profesorado especialista, sobre todo o de inglés, pode acudir á aula de informática.

4.2. Traballo nas aulas:

Nas aulas de 1º, 2º e 4º de Educación Primaria e en dúas aulas de Educación Infantil están instalados encerados dixitais interactivos coa súa dotación correspondente. Segundo a avaliación do profesorado, está a resultar interesante e motivador para o alumnado. Poden reforzar, apoiar e ampliar o traballo diario de aula con actividades complementarias e contidos actualizados.

No resto de aulas, nas que contan con un ou dous ordenadores, úsase para buscar información sobre os contidos que se traballan na aula e para actividades de reforzo co alumnado de necesidade específica de apoio educativo.

A aula de inglés está dotada cun EDI e o equipamento correspondente. Este material procede da Consellería, dentro do proxecto **Kits de Aula Digital** dentro do Proxecto Abalar. A aula

ten, ademáis, TV con video e DVD e aparato reproductor de son específico para o ensino de idiomas.

As aulas de 3º e a de música contan con proxector.

Tanto a aula de PT como a de AL contan con PCs con **pantalla táctil**. Estas pantallas facilitan a algúns dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais o uso máis doado do ordenador, máis intuitivo e directo que co rato. Tamén estamos a utilizar unha tablet para comunicación alternativa (por exemplo, o PictoDroid) ou outras apps motivadoras para o ensino-aprendizaxe.

4.3. Biblioteca:

Hai dous postos para o alumnado, con normas de uso ben claras; consultar enciclopedias ou buscar outra información, facer traballos ou navegar pola web do centro. Non se pode xogar, chatear, nin descargar e instalar software. Para o traballo específico de biblioteca colocouse un Pc e un portátil, ambos os dous co MEIGA instalado. Na biblioteca hai ademáis proxector e pantalla de proxección e outro portátil para o traballo do profesorado. TA

4.4. Webs dinámicas:

Na aula virtual do centro están a funcionar varios cursos que recollen os materiais seleccionados polo profesorado para traballar nas diferentes áreas e niveis.

A web do centro ten neste momento información básica, que pretendemos ir completando en función das necesidades de comunicación coa comunidade educativa.

4.5. Proxecto Abalar.

O alumnado aprende a traballar co equipamento abalar, utilizando as ferramentas deste equipamento para realizar mapas conceptuais, presentacións de diapositivas, creación de cartaces, pequenos videos, galerías de imaxes, textos ilustrados, creación de actividades interactivas co LIM, organizar a información en carpetas tanto no disco duro como en unidades externas, Ademáis, aprenden a buscar información relevante.

4.6. Outros libros dixitais.

En todos os cursos de Educación Primaria, as editoriais escollidas para os libros de texto, ofertan aulas virtuais e libros dixitais, como apoio a estes textos en papel, para realizar actividades de reforzo e/ou ampliación, que están a ser utilizadas en todos os niveis da Educación Primaria.

4.7. Formación da coordinadora:

A profesora proposta como responsable da coordinación do proxecto Edixgal para o vindeiro curso 2015/2016 é a profesora de PT do centro e con destino definitivo no mesmo.

É a encargada das TIC no centro dende xaneiro de 2012. A súa formación e experiencia en canto a TIC é a seguinte:

Participación, coordinación ou docencia en accións formativas relacionadas coas TIC.

- PFAC: Iniciación á Informática: Aplicación na aula. Xullo, 2001. 50 horas.
- Curso Xade-centros. 2002. 15 horas.
- “Deseño de páxinas web”. Xaneiro, 2004. 30 horas.
- Grupo de Traballo: “Deseño da páxina web do CEIP O Piñeiriño”. Xuño, 2005. 50 horas.
- Encerado dixital (Smart Board): manexo e creación de materiais. 2005. 10 horas.
- “Aventuras na web. As webquest como modelo de traballo cooperativo en internet”. Maio, 2006. 40 horas.
- “Unha web con recursos”. Xuño , 2007. 50 horas.
- Xornada sobre o Plan Tic nos centros educativos. 2007. 8 horas.
- “Elaboración de materiais multimedia: uso educativo”. Xuño, 2008. 40 horas.
- “As tecnoloxías da información e da comunicación na atención educativa ao alumnado con necesidades específicas”. Xuño, 2008. 30 horas.
- “A suite Openoffice en galego, usos docente e didáctico”. Decembro. 2009. 35 horas.
- Proxecto de innovación para un uso educativo das tecnoloxías da información e a comunicación. 2009–2010. 20 horas.
- LIM e o proxectos Xogamos? Aplicación didáctica. 2010. 30 horas.

- Formación técnica nos elementos da Aula Abalar (2012). Curso de 20 horas.
- Formación a distancia en administración das Webs dinámicas dos centros educativos. Curso non presencial. 30 horas. 2013/2014.
- Nivel medio inicial en tecnoloxías da información e da comunicación. Curso non presencial. 50 horas. 2014/2015.
- Relatora no curso: “Uso de ordenadores para docentes. Introducción ao manexo de ordenadores (nivel I)”(Aplicacións básicas). Curso 2005–2006. 30 horas.
- Relatora no curso INFORMÁTICA BÁSICA. Curso 2006–2007. 25 horas.
- Relatora no curso “Nivel básico en Tic. Edición Abalar” no 2012/2013 (35 horas) e no 2013/2014 (25 horas).
- Relatora no curso “Nivel básico en Tic” no 2013/2014 (25 horas).

Experiencia na coordinación de proxectos ou grupos de traballo.

- Coordinadora PFC: “PEC”. Corbillón. 1993–1994. 55 horas.
- Coordinadora seminario permanente “As necesidades educativas especiais”. 1993–1994. 60 horas.
- Coordinadora PF “Proxectos educativo e curricular do CP Corbillón”. 1994–1996. 100 horas.
- Coordinadora Seminario Permanente das Necesidades Educativas Especiais II. 1994–1995. 60 horas.
- Coordinadora do “Plan Valora 2007–2009”. Decembro, 2009. 25 horas.
- Coordinadora PFAC: “Coñecemento e uso do equipamento Abalar”. (2012–2013).
- Membro do equipo de formación do PFPP: Educación emocional, intercambio e comunicación persoal e en rede. Curso 2014/2015.

Actividades de innovación:

- Coordinadora en centros do Proxecto Abalar. Curso 2012/2013 (20 horas) e 2013/2014 (20 horas).

Premios relacionados coa integración das TIC na aula.

- Accésit no I concurso de Premio Siega 2003: “Coidamos o colexio”.

- Premio á Innovación educativa sobre os temas transversais 2006: Webquest “O valor dos bosques. Os incendios forestais”.

Outra experiencia acreditable que se considere relevante en relación coa integración das TIC na aula.

- Formadora dos compañeiros e compañeiras do CEIP O Piñeiriño no uso do XADE.
- Encargada das TIC do centro dende xaneiro de 2012.

4.8. Formación do profesorado titor implicado:

Aínda sin estar definida a elección de curso (proceso que se pecha en setembro) temos dúas mestras de Educación Primaria, comprometidas a coller estes grupos de 5º e levar adiante o proxecto e–dixgal.

Formación de María del Carmen Soliño:

- PFPP. P1431018. Espazos virtuais. Intercambio e comunicación. 2014/2015.
- Coñecemento e uso do equipamento Abalar. 2012/2013.
- Actividade de innovación: Contratos–programa. 2012/2013.
- LIM e o proxecto Xogamos? Aplicación didáctica. 2009/2010.
- O traballo por proxectos na educación infantil e educación primaria. 2008/2009.
- Unha web con recursos. 2006/2007.
- Deseño da páxina web do ceip o piñeiriño. 2004/2005.

Formación de Cristina Paulos Novoa:

- Emprego das TIC para desenvolver a creación artística. 2014–15
- V Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia. 2014–15
- PFPP: Espazos virtuais. Intercambio e comunicación. 2014–15
- Traballo co software dos portátiles abalar. 2013–14
- Compartindo boas prácticas. Encontros de intercambio de experiencias educativas. 2013–

2014

- Biblioteca escolar. Educación documental II. Os proxectos documentais. 2013-14
- Obradoiro TIC ao servizo da biblioteca escolar e ALFIN. 2012-13
- IV Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia. 2012-13
- Plan de mellora de bibliotecas escolares. 2012-13
- A biblioteca e as novas tecnoloxías. 2010-11
- Biblioteca escolar. Educación documental I. 2010-11
- Os proxectos de traballo, o traballo por proxectos. 2006-07
- Vídeo dixital. Elaboración dun programa didáctico. 2005-06
- Informática musical II: secuenciación Midi. Aplicacións didácticas. 2004-05
- Introducción ao manexo do ordenador. 2001-02

Neste apartado engadiremos que a mestra especialista de inglés xa está a traballar co equipamento abalar e coa aula virtual, polo que este novo reto é motivador e interesante tamén para ela.

O resto do profesorado especialista xa non ven utilizando libro de texto, pero apoian esta iniciativa.

5. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE.

Consideramos que o libro de texto debe deixar de ser a fonte de información por excelencia e converterse nun recurso máis. Segundo a propia filosofía da LOMCE o traballo por proxectos e a metodoloxía que implica permite una aprendizaxe máis responsable, enténdase que os alumnos son axentes activos neste proceso. O libro dixital vainos permitir mudar o modelo tradicional por un enfoque máis actual e flexible.

Unha das vantaxes do libro de texto dixital fronte ao libro de texto impreso é a variedade de linguaxes e tipoloxías, ademáis de fontes de recursos que integra. Esta diversidade permite fomentar o desenvolvemento das competencias.

Os contidos audiovisuais, os interactivos e a hipertextualidade dos libros de texto dixitais permiten aos alumnos mellorar as súas habilidades comunicativas dun xeito máis acorde coa

época tecnolóxica en que vivimos. Os chats de grupo, os blogs de aula e os foros, son exemplos de ferramentas que nos serven para potenciar o traballo colaborativo. Estas ferramentas irán aprendendo a utilizalas seguindo a aprendizaxe en cascada, isto é, os que saben ensinan aos outros.

O centro ten dúas liñas por nivel polo que o alumnado de 5º se divide en dous grupos que levan xuntos dende Cuarto de Educación Infantil. O noso obxectivo é traballar como nivel, rompendo esta inercia un tanto endémica. Para elo traballaremos flexibilizando os agrupamentos e facilitando así as relacións entre os nenos e nenas das dúas aulas. Ambos grupos teñen ritmos de traballo diferente e ademáis hai alumnado con NEAE (TEA, TDAH, dislexia, TDA, ACS,...) e tamén outros alumnos con conductas disruptivas. De todo isto nace a necesidade de traballar a mellora da autoestima buscando os puntos fortes de cada quen. Para transmitir os seus coñecementos os nenos están obrigados a organizalos internamente e a buscar estratexias para facerse entender. Utilizando a transmisión de saberes son eles mesmos os protagonistas do seu proceso de ensinanza aprendizaxe. Esta transmisión de saberes pode extenderse a outros cursos polo sistema de apadriñamentos, que xa vimos utilizando no colexio para diferentes actividades dende hai varios cursos.

Este alumnado se inicia este curso no uso do equipamento Abalar de modo que será necesario facer formación do alumnado e manter informadas as familias do uso deste novo software. Durante o curso 2014-15 xa estiveron traballando con contidos ubicados na aula virtual do colexio pero este equipamento e a contorna EVA van ser novos para eles.

6. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE E OUTRAS RELACIONADAS COAS TIC REALIZADAS NO CENTRO NOS ÚLTIMOS 5 ANOS.

No centro hai un grupo de mestres e mestras con bastante estabilidade, o que nos permitiu e permite o traballo coordinado e consensuado, en moitas ocasións tendente á innovación e ao aproveitamento e mellora dos recursos que nos rodean e dos do propio centro.

A continuación enumeramos algunhas das actividades, grupos de traballo e proxectos nos que estivemos (e aínda estamos) inmersos. Sen respectar o título do capítulo, queremos amosar que a nosa historia ven de lonxe:

- Grupo de traballo: “Aproveitamento dos recursos medioambientais do CEIP O Piñeiriño”(2002/2003).

- Grupo de Traballo: “Deseño da páxina web do CEIP O Piñeiriño”. Xuño, 2005.

- Proxecto TIC: “Unha web con recursos”. Xuño , 2007.

- “Plan Valora 2007–2009”. Decembro, 2009.

- PFAC: “O traballo por proxectos na educación infantil e educación primaria”. 2008/2009.

- PFAC: “Coñecemento e uso do equipamento Abalar”. (2012–2013).

- PFPP: “Educación emocional, intercambio e comunicación persoal e en rede”. Curso 2014/2015. Con continuidade.

Ademáis destas actividades recoñecidas oficialmente, fixemos formación entre nós para que todo o profesorado comezara a utilizar o XADE xa dende fai anos, apúntamonos nos dous últimos curso ás charlas do “Plan Navega con Rumbo” para o alumnado de 5º e 6º e organizamos algunha charla para as familias sobre a seguridade en internet, a través do Departamento de Orientación. Por suposto, xuntouse ás familias para explicarlles o proxecto abalar e as funcionalidades do repositorio abalar, que poden tamén utilizar nas súas casas.

Co PFPP que iniciamos este curso, puxemos en marcha a aula virtual do centro, aspecto que nos será de grande axuda para este proxecto (e–dixgal) no que temos postas as novas ilusións e inquiredanzas. A continuidade deste plan para o vindeiro curso nos permitirá seguir mellorando a nosa formación.

7. TIPO DE CONEXIÓN Á REDE.

A conexión á rede do centro é unha ADSL de 6 Megas. A velocidade real é difícil de ler para nós, aínda que segundo nos consta nalgún reporte de traballo de R, a empresa proveedora, a velocidade real de baixada é de 3900 kbps e de subida 508 Kbps.

8. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN INTERNA NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO, ESPECIFICANDO OS INDICADORES DE LOGRO AOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Tal e como establece a convocatoria, establecerase unha avaliación trimestral da marcha do proxecto que se recollerá nas actas correspondentes, ademáis de seguir as indicacións que a Consellería estableza para este aspecto.

É necesaria a avaliación para comprobar se os obxectivos e ideais plantexados no proxecto están a ser acadados, se a motivación é a esperada e ter información dos avances e retrocesos, das dificultades atopadas, das necesidades de formación tanto do alumnado como do profesorado,...

INDICADORES DE LOGRO:

Para o profesorado:

INDICADORES	FERRAMENTAS	TEMPOS
Participar nas actividades de formación vinculadas ao proxecto.		1º trimestre.
Mellorar no coñecemento das funcionalidades do equipamento abalar e do EVA		Trimestralmente.
Cambios organizativos e metodolóxicos. Incidencia na dinámica de aula e na motivación ante as aprendizaxes.	Observación diaria da actitude do alumnado. Titorías. Reunións de avaliación.	Trimestralmente.
Grao de satisfacción: funcionamento da plataforma, calidade dos materiais, cumprimento das expectativas.	Partes de incidencias.	Trimestralmente.

Para o alumnado:

INDICADORES	FERRAMENTAS	TEMPOS
Iniciarse no coñecemento das funcionalidades do equipamento abalar e do EVA.		1º trimestre (5º).
Mellorar o coñecemento das funcionalidades do equipamento abalar e do EVA.		Trimestralmente.
Capacidade para buscar e filtrar a información na web segundo os seus intereses.	Observación. Adaptabilidade da información.	Diaria
Capacidade para crear e editar contidos dixitais.	Análise dos produtos.	Diaria.
Capacidade de traballar en grupo, cooperar e respectar ao compañeiro.	Observación diaria do profesorado. Autoavaliación (titoría).	Quincenal ou mensualmente.
Grao de satisfacción: funcionamento da plataforma, calidade dos materiais, motivación.	Partes de incidencias. Enquisa.	Trimestralmente. Fin de curso.

Para as familias:

INDICADORES	FERRAMENTAS	TEMPOS
Asistencia ás reunións e charlas informativas organizadas para a presentación do proxecto.		1º trimestre.

Grao de implicación e aceptación do proxecto.	Entrevistas de tutoría de pais e nais.	Ao longo de todo o curso.
Grao de satisfacción: funcionamento da plataforma, calidade dos materiais, cumprimento das expectativas.	Entrevistas nas tutorías de pais e nais.	Trimestralmente.

Cada avaliación servirá para reformar ou incidir nos aspectos que se vexan necesarios, polo que consideramos que será sempre unha avaliación continua, xa que este non é un proxecto para un só curso, senón que marcará o funcionamento do centro, alomenos durante os tres cursos seguintes.

BIBLIOGRAFÍA.

- (1) CABERO ALMENARA, J (2010): *Tecnología educativa*. Madrid. McGraw Hill, 222–223.
- (2) AL-LÉS, G (2010): *Las competencias básicas, puente entre el conocimiento y la vida* en BARBA, C.; CAPELLA, S.: *Ordenadores en las aulas*, Barcelona, editorial Graó, px 45.

En Vilagarcía de Arousa, a 10 de xuño de 2015